

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 13 DE OUTUBRO DE 2022.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día trece de outubro de 2022, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

Acórdase a aprobación das actas das Xuntas de Goberno Local ordinarias do 20 de xullo; 3, 10, 17, 24 e 31 de agosto; 7, 14, 21 e 28 de setembro, e a extraordinaria e urxente do 9 de setembro de 2022.

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para rehabilitación da cuberta dun alpendre sito no lindeiro norte, substituíndo parte das vigas de madeira e colocando novo lousado do país, sen modificar as pendentes dos faldóns nin a altura do cume, e substitución dunha fiestra da parte alta da fachada norte, no núcleo rural 5.1 Cardoso, número 3, Parroquia de Anxos (exp. 2022/Y001/000170) e para modificación da configuración das fachadas do edificio substituíndo as fiestras e ampliando os ocos existentes na rúa das Lousas, número 29 (exp. 2022/Y001/000202).

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas así como do gasto, a adxudicación por procedemento aberto simplificado “sumario” na contratación dun servizo de conservación, mantemento e reparación dos vehículos municipais (mecánica completa para vehículos de obras, servizos e dúmpers) e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2022-C003-000025

Tamén se acorda a segunda prórroga na contratación da prestación dun servizo de mantemento integral de ascensores (lote 1) e de portas automáticas e motorizadas (lote 2) nas instalacións municipais. aprobación (exp. ref 2019-014).

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac8917649600692895993.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-10-2022

Así mesmo, acórdase a desestimación de revisión excepcional de prezos na contratación da obra de "Mellora do firme da estrada municipal da N-640 (estrada de Meira) a Pedreda". Parroquia de Pedreda. Obra incluída no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021. Exp. ref. 2021-C002-000036.

Acórdase a desestimación de revisión excepcional de prezos na contratación da obra de "Mellora do firme da estrada municipal da LU-P-2903 ao Rego de Mera. Parroquia de Vilachá de Mera". Obra incluída no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021, exp. ref. 2021-C002-000040.

Tamén se acorda a desestimación de revisión excepcional de prezos na contratación da obra de "Mellora do firme da estrada municipal da LU-P-2903 a Prógalo". Parroquia de Prógalo, obra incluída no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2021, exp. ref. 2021-C002-000041.

Acórdase a modificación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas na contratación - mediante seis lotes - de campañas de publicidade institucional nos distintos medios de comunicación, exp. ref. 2022/C003/000021 e a ampliación do prazo de presentación de ofertas.

3. PERSOAL.- Acórdase a designación dos membros do tribunal cualificador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a prazas de ordenanzas pertencentes ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, unha en quenda de acceso libre ordinario (OEP 2018) e unha en quenda de acceso libre reservado a persoas con discapacidade (OEP 2017).

Acórdase a aprobación da oferta de emprego público do Concello de Lugo para o ano 2022 (corrixida segundo o informe de intervención 2022/1542, do 10/10/2022).

Tamén se acorda o nomeamento como funcionario de carreira na categoría de Intendente Policía Local.

Así mesmo, acórdase a prórroga da comisión de servizos no posto de traballo de Letrado Asesor do Concello de Lugo.

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL

4. MULLER E IGUALDADE.- Acórdase a aprobación do convenio regulador da subvención nominativa da concellería de muller e igualdade para o exercicio 2022.

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.



ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac8917649600692895993.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 13-10-2022